



Pilar Rojo entrega os premios do Concurso Escolar do Parlamento e recorda que todo dereito comporta obrigas

- A presidenta da Cámara felicita a todos os participantes nesta IV Edición, que deron exemplo de traballo en equipo e puxeron de manifesto que como en calquera competición, “participar é sempre o máis importante”
- O premio na modalidade “Imaxina a Pintura” correspondeu ao alumnado do CEIP de Castrelo de Cambados
- Na modalidade “Escribe o teu conto” resultaron gañadores alumnos e alumnas do IES Antonio Fraguas, de Santiago
- O galardón na modalidade “Exprésate” recaeu nun grupo de alumnos e alumnas do IES Rosalía de Castro de Santiago de Compostela
- Resultaron finalistas nas tres modalidades alumnos e alumnas de Pontearreas, Sarria e Negreira

Santiago, 5 de maio de 2014.- A presidenta do Parlamento de Galicia, Pilar Rojo Noguera, entregou esta mediodía os premios da IV Edición do Concurso Escolar convocado pola Cámara galega baixo o lema “O Parlamento de Galicia contigo e polos teus dereitos”.

Nun acto celebrado no Salón dos Reis do Parlamento de Galicia, a presidenta do legislativo galego agradeceu a participación nesta nova edición do Concurso Escolar, na que alumnos e alumnas de toda a Comunidade deron, en opinión de Pilar Rojo, “exemplo de traballo en equipo cos vosos compañeiros de clase”. “E todos – agregou Rojo Noguera-, os premiados e máis os que non o foron, puxestes de manifesto que, como en calquera outra competición, participar é sempre o máis importante”.



Dereitos e obrigas

Por iso, a presidenta do Parlamento felicitou a todos os participantes no Concurso Escolar e trasladou os seus parabéns aos gañadores e finalistas. Ao fío do lema do concurso deste ano, Rojo Noguera, recordou que o Parlamento traballa a cotío polos dereitos de todos os galegos e nel “se deciden as regras de xogo, é dicir, as leis”.

Pero as leis, que establecen dereitos, “tamén sinalan as nosas obrigas”. Insistiu a presidenta do Parlamento en que “non existen dereitos sen obrigas en ningún eido da vida” e puxo un exemplo deportivo.

Gañadores e finalistas

Modalidade “Imaxina a pintura” (dirixido a educación infantil e 1º, 2º e 3º de educación primaria):

- **Alumnas e alumnos do grupo gañador:** Saray Dadín Casal, Marta Castro Castro, Andrés González Arosa e Brais Wernink Portas.
- Clase: 1º de Primaria.
- Profesora que supervisou o traballo: Dª Natalia Lama González.
- Centro educativo: CEIP DE CASTRELO de Cambados. Pontevedra.

- **Alumnas e alumnos do grupo finalista:** Natalia Alonso Muñoz, Mencía Rodríguez Peña, Iria Lorenzo Garrido, Carlos Bautista Bugarín e Daniel Martínez Domínguez. Alumnas/os de 3º de primaria do CPR PLURILINGÜE SANTIAGO APÓSTOL de Ponteareas. Pontevedra
- Profesora que supervisou o traballo: Dª. Pilar Gallego Illán.

Modalidade “Escribe o teu conto” (dirixido a 4º, 5º e 6º de educación primaria e 1º e 2º de educación secundaria)

- **Alumnas do grupo gañador:** Andrea Doce Méndez, Andrea Maroño Mato, Kenia Fernández Ruíz, Rosa Fernández Moldes e Estela López Vilas.



- Clase: 2º B da ESO.
- Profesora que supervisou o traballo: D^a. Guadalupe García Prieto.
- Centro educativo: IES ANTONIO FRAGUAS de Santiago de Compostela. A Coruña.
- **Alumnas e alumnos do grupo finalista:** Naila M^a González Rodríguez, Fátima Feijoó Valiña, Diandra Rodríguez Poyatos e David Xoel Carnero López. Alumnas/os de 5º de Educación Primaria do CPR LA MERCED de Sarria. Lugo
- Profesora que supervisou o traballo: D^a. M^a. Carmen García López

Modalidade “Exprésate” (dirixido a 3º e 4º de educación secundaria):

- **Alumnas e alumnos do grupo gañador:** Raquel Fernández Vieitez, María Concepción García Calvo, Mateo Bello Villarino, Jacobo Osorio Ríos e Andrés Sousa González.
- Clase: 4º C da ESO.
- Profesor que supervisou o traballo: D. Xabier Mouriño Cagide.
- Centro educativo: IES PLURILINGÜE ROSALÍA DE CASTRO de Santiago de Compostela. A Coruña.
- **Alumnas e alumnos do grupo finalista:** Rocío Iglesias Gómez, José Vicente Julia-García Suárez, Alba Tuñas Fornís, José Rujido Santos e Adrián Vidal Piñeiro. Alumnas e alumnos de 3º B da ESO do IES XULIÁN MAGARIÑOS de Negreira. A Coruña.
- Profesora que supervisou o traballo: D^a. María Blanco Crespo.

Premios

Cada un dos gañadores recibe como premio unha táboa dixital e un lote de libros, mentres que os finalistas reciben un MP5 e un lote de libros. A clase de cada un dos tres grupos gañadores recibe como premio unha excursión de carácter educativo para visitar un lugar significativo de Galicia; o profesor ou profesora que supervisaron os traballos gañadores recibiron unha táboa dixital. O centro educativo de cada un dos grupos ganadores recibe 2.000



euros para a organización de actividades extraescolares ou para a biblioteca do centro.

Esta cuarta edición do concurso foi convocada baixo o lema “O Parlamento de Galicia contigo e polos teus dereitos”. Esixíanse traballos de elaboración colectiva, feitos por entre dous e cinco alumnas e alumnos. Cada clase só podía presentar un traballo e cada colexio un máximo de cinco orixinais por modalidade. A selección foi efectuada no propio centro.

Achegar o Parlamento aos máis novos

O Concurso Escolar enmárcase na estratexia encamiñada a achegar o Parlamento de Galicia aos máis novos e forma parte dunha aposta máis ampla que inclúe outras accións como os plenos infantís e xuvenís, as charlas-coloquio de exdeputados en centros de secundaria, o programa de visitas guiadas ao Parlamento, a edición de material bibliográfico dirixido aos escolares e, máis recentemente, a exposición “51 páxinas das letras galegas”, inaugurada en decembro pasado e que está a percorrer diferentes puntos da xeografía.

Composición

O xurado do Concurso Escolar do Parlamento de Galicia tivo a seguinte composición:

- ✚ Miguel Santalices Vieira, Vicepresidente 1º do Parlamento de Galicia. Preside o xurado.
- ✚ María Concepción Burgo López, Vicesecretaria do Parlamento de Galicia.
- ✚ María Soledad Piñeiro Martínez, presidenta da Comisión 4ª, Educación e Cultura, por delegación da presidenta do Parlamento de Galicia, Pilar Rojo Noguera.



- ✚ Vicente Docasar Docasar, deputado do Grupo Socialista, por delegación de María Soledad Soneira Soneira Tajés, Vicepresidenta 2º do Parlamento de Galicia.
- ✚ Moisés Blanco Paradelo, deputado do Grupo Popular, por delegación de José Manuel Balseiro Orol, Secretario da Mesa do Parlamento.
- ✚ Xosé Manuel Rosales Noves, profesor designado polo Parlamento de Galicia.

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia.